


## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PA1

Cerceira *Prunus avium* L.

## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



**Cerdeira**

*Prunus avium* L.

MODELO SILVÍCOLA PA1

Madeira para serra e chapa

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- Densidade de plantación inicial: de 1.100 a 1.600 plantas/ha.

## 3 MANTEMENTOS

- Primeiro ano: reposición de marras e roza total.



### MODELO SILVÍCOLA PA1

ESPECIE: *Prunus avium* L., aplicable a formacións mixtas con piñeiros ou outras frondosas autóctonas

OBXECTIVO: madeira para serra e chapa. 100-150 pés/ha de calidade

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais



Máis información do modelo

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- Podas:
  - Poda de formación: a partir do segundo ano e ata os 7 anos.
  - Poda baixa: ata 2,5-3 m aos 8-15 anos cando as árbores acaden os 6 m de altura.
  - Poda alta: ata 5,5-6 m dos mellores 200 pés/ha.
- Desmestas: farase, de ser necesario, aos 10 anos deixando unha densidade final de 500-600 pés/ha.
- Rareas:
  - Primeira rarea: aos 15-20 anos deixando uns 250-300 pés/ha.
  - A rotación de rareas será cada 5-7 anos ata os 35-40 anos.
  - É aconsellable que pasen 7-10 anos entre a última rarea e as cortas de rexeneración.

## 5 CORTA FINAL DE REXENERACIÓN

- Idade de corta: aos 40-50 anos, segundo calidades de estación.
- Métodos de corta: cortas de rexeneración atendendo á superficie ocupada pola cerdeira. Evitar cortas a feito nos distritos meridionais.